

## BIOFILMOGRAFÍA de ALEXIA MUIÑOS RUIZ, GUIONISTA E DIRECTORA



Nacida na Coruña, estuda música no Conservatorio Superior e licénciase en CC.Químicas. Amplía a súa formación graduándose como directora e guionista en Barcelona -na escola CECC con profesores como Jose Luis Guerín, Luis Aller e Michel Gaztambide- e grazas a unha bolsa de estudos, completa a súa formación en Nova York. Actualmente traballa en distintas facetas do mundo audiovisual e do teatro, realizando traballos documentais, videoclips e reportaxes. Compaxina o seu traballo como directora e realizadora coa docencia. O seu estilo foi valorado como íntimo e moi persoal, próximo á expresión poética.

### Filmografía como directora e guionista

#### Longametraxes:

- **NOITE TRANSFIGURADA**

producida por SF producciones.

-**Premio do Público** no Festival de Milán.

-**Selección Oficial:** KIN International Film Festival de Yerevan; Premis Tirant, Valencia; Semana de Cine de Autor, de Lugo; Muestra de Cine Europeo de Segovia, MUCES; Portobello Film Festival, Londres; Sguardi Altrove, Milan; Festival di Cinema e Donne, Florencia; Broad Humour Film Festival, Los Ángeles, US; Cartaxena de Indias, Colombia; Chile e Mis Me Binga en Camerún.

- **As Troitas Cantan ao Mencer.** *En produción.* Rodaxe Verán de 2017

#### Curtametraxes:

- **ASUNTOS DOMÉSTICOS**

producida por Marineda Films, 2015. Máis de 30 selección internacionais incluíndo Grossmann Fantastic Film Festival(competición Méliès d'Or) ; Frightfest London, UK; Morbido Fantastic Fest, México; 7 Freakemacine, Festival de Cinema Fantástico, A Coruña; 14 Fargo Fantastic Film Festival; 36 FantaFestival, Roma; Buenos Aires Rojo Sangre; 43 Curtas Film Fest, Vilagarcía; MAC Horror Film Festival, Manaus, Brasil; 7 Les Femmes underground, LA; Benicia Film Festival, California; 28 Festival de Girona.

- **ILUSIÓN**

**Seleccionada** nos Festivais: Puerto Rico, Hayden Film NYC,19 Girona Film Festival, 9th WT OS Film Festival, Semana internacional de Cine de Ourense, Figueres 2007, Semana de Cine de Autor de Lugo, Alcorcón 2008, V Ciemcine de Ciempozuelo, Santiago de Compostela e Naoussa FILM FESTIVAL

- **EN RE DO.**

**Premio do Público** en Certamen “ENCORTOS”, Viveiro.

**Premio do Xurado** en Festival de Cine de Girona 2005.

**Seleccionada** en festivales internacionais, Vienna, México, Barcelona, Girona. Lugo, Cannes. Drama romántico inspirado na música de Bach.

- **MEDIANOITE**

**Seleccionada** en Bradford Film Festival, Premis Tirant, San Petersburgo, París, Colombia. Weiterstadt, Alemania, Cinema da Mare y Kenya.

- **DOMINGO POLA MAÑA**

**Premio** no 6º Certamen VIDEOMINUTO Zaragoza

**Seleccionada** nos varios festivais de Roma, Cáceres, Girona, No Todo Film Fest e NextgenTV Natpe Los Ángeles.

- **INFATUATION**

**Seleccionada** nos festivais: 7º videominuto de Zaragoza. Clix Micromovie (Portugal) e Arau, Suiza.

**En preparación:**

- **película documental** sobre os refuxiados saharauis nos campamentos de Tinduf
- **longametraxe de ficción** co título: Synthetic Soul.